

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE NOVEMBRO DE 2015**

### **FAVORABLES.-**

**LIC/975/2015.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO.-** Conceder a licenza para executar as obras de reparacións no edificio da Fundación Gonzalo Torrente Ballester sita na rúa do Vilar.

**LIC/779/2015.- FRANCISCO DEL RIO OTERO.-** Aceptar a título gratuito e libre de cargas e gravámenes a cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada en lugar de Son de Abaixo 35 A.

**LIC/659/2013.- MANUEL RAMÓN LOUZAO PEREZ.-** Conceder a licenza para a legalización e a terminación das obras de substitución de edificación auxiliar en planta baixa na fachada traseira dun inmovible sito na Avda. Rosalía de Castro, 80 A.

**LIC/546/2015.- CD CONSTRUCCIÓN REHABILITACIÓN Y REFORMAS SLU.-** Conceder a licenza para a instalación dun ascensor no edificio sito na rúa José María Suárez Nuñez, 1.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a licenza para executar as obras de reparacións no edificio da Fundación Gonzalo Torrente Ballester sito na rúa do Vilar. LIC/975/2015.**

(Ver listado previo LICENZAS: FAVORABLES).

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a aceptación a título gratuito e libre de cargas e gravames a cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada en lugar de Son de Abaixo 35 A. LIC/779/2015.**

(Ver listado previo LICENZAS: FAVORABLES).

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a licenza para a legalización e a terminación das obras de substitución de edificación auxiliar en planta baixa na fachada traseira dun inmovible sito na Avda. Rosalía de Castro, 80 A. LIC/659/2013.**

(Ver listado previo LICENZAS: FAVORABLES).

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a licenza para a instalación dun ascensor no edificio sito na rúa José María Suárez Nuñez, 1. LIC/546/2015.**

(Ver listado previo LICENZAS: FAVORABLES).

**6.- Propostas da Alcaldía relativas a devolución de fianzas.**

Acórdase a devolución das fianzas de varios contratos.

**7.- Proposta da Alcaldía relativa á adxudicación do servizo de mantemento da aplicación informática de xestión de expedientes AUPAC (da empresa GADD) do Concello de Santiago de Compostela.**

Adxudícase o devandito contrato a empresa GAD GRUPO MEANA S.A., por un importe de 10.337,40 euros/ano + IVE.

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación inicial do Estudo de detalle para a rehabilitación de fachada en bloques de vivendas na rúa de Carlos Maside.**

Apróbase inicialmente o devandito estudo de detalle.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á ampliación do prazo de execución da obra de reurbanización da rúa das Carretas.**

Acórdase validar as actuacións ata o momento realizadas, emendando os defectos formais observados, e amplíase o prazo de execución dos traballos ata o 27 de novembro de 2015.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á ampliación de acordo de adjudicación do 14/08/2015 relativo a obras para execución do proxecto básico e execución reformado de rehabilitación do Palacete do Espiño para equipamento municipal.**

Procédese a engadir un parágrafo no punto segundo do acordo da Xunta de Goberno do 14 de agosto: "Así mesmo, procede a devolución da garantía definitiva e as taxas depositadas pola empresa UNIKA PROXECTOS E OBRAS, S.A."

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto "Mellora do acceso ao río Sarela dende o barrio de Vista Alegre-Romaño".**

Apróbase o devandito proxecto, cun orzamento de 46.076,81 euros (25.400,03 Fase I + 20.676,78 Fase II), IVE engadido.

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á desconsignación da cantidade consignada na Caixa Xeral de Depósitos de xustiprezo da parcela nº 39 da expropiación do polígono SUNP-5 A Muiña.**

Acórdase a cancelación total da cantidade consignada de 40.621,58 euros.

**13.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa ao expediente "Obras de substitución da rede de abastecemento no lugar de Bornais (CON/4/2015)" adscritas ao POS-2014 complementario da Deputación da Coruña, con obxecto de proceder á súa suspensión temporal parcial.**

Autorízase a suspensión temporal parcial das obras, ata a obtención das autorizacións sectoriais necesarias.

**14.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas á concesión de axudas ao abeiro da ordenanza reguladora do programa Santiago Suma de inclusión social.**

Concédense nove axudas para aloxamento e manutención.

**15.- Proposta da Alcaldía relativa a aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Sala Capitol.**

Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 9.000 euros.

**16.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do programa "12 doces de outono" complementario á programación da rede de centros socioculturais do período comprendido entre setembro e decembro 2015.**

Apróbase o programa, cun custo de 18.150 euros.

**17.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á liquidación de gastos do programa municipal de conciliación de Semana Santa 2015.**

Procédese á liquidación dos gastos, por 2.476 euros.

**18.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á solicitude de subvención á Secretaría Xeral da Igualdade para a promoción da igualdade para o ano 2015.**

Acórdase solicitar varias subvencións, por importe de 12.000 euros (programa de conciliación) e 78.666,66 euros (programa de apoio aos CIM).

**19.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa ao expediente de resolución do convenio entre o Colexio de Avogados e o Concello de Santiago para a posta en marcha dun servizo de mediación para a renovación dos contratos aluguer DT3ª LAU.**

Acórdase a resolución do devandito convenio e libérase o crédito remanente non disposto por importe de 30.000 euros, por non terse producido ningún gasto que xustificar.

**20.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación da xustificación do 1º prazo do convenio asinado entre o Concello de Santiago e o OBRADOIRO CAB, S.A.D.**

Apróbase a xustificación presentada por importe de 36.000 euros.

**21.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á planificación de accións correctoras para os riscos derivados do gas radon.**

Apróbase o plan de medidas preventivas e actuacións correctoras para o período 2015-2016 en varios edificios municipais.

**22.- Proposta da Alcaldía relativa á prórroga de aluguer dun local na rúa Torreira nº 18, destinado a uso sociocultural no barrio do Romáño.**

Prorrógase o devandito contrato polo prazo de seis meses (do 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 2016), por un importe de 442,09 euros/mes.

**23.- Proposta da Alcaldía relativa á prórroga de aluguer de local para uso como centro sociocultural do casco histórico.**

Prorrógase o devandito contrato polo prazo de seis meses (do 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 2016), por un importe de 953,82 euros/mes.

URXENCIAS

1.- Autorízase o reinicio dos traballos e o inicio de trámites para proceder á recepción das obras incluídas no proxecto de Corredor Verde Bonaval – Almáciga (Fase II: Via Verde).